




Concellería
de Benestar
Social
Concello de Vigo

PROGRAMA MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN FAMILIAR



VIII XORNADAS do PLDA
ADICCIÓNS E ÁMBITO EDUCATIVO
Vigo, 12 de maio de 2011

ENCADRE:

- Dentro dos Servizos Sociais Municipais como atención específica. É o resultado da fusión de dous programas:
 - O programa de educación familiar: dende o ano 1994
 - O programa de intervención con menores en situación de risco: dende o ano 2001.



En xuño de 2004, coa intención de completar a prestación de servizos específicos dentro dos Servizos Sociais Municipais púxose en marcha o **PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR.**



FINALIDADE DO PROGRAMA

- atender as problemáticas aparelladas a situacións de risco e de conflito social, articulando unha intervención interdisciplinar que favoreza procesos normalizadores para os nenos e nenas e a súas familias. E por outra,
- abordar estas situacións problemáticas e de risco de forma que se leve a cabo unha intervención preventiva que impida o posible agravamento do problema detectado.




EXEMPLO DE CASO

- MGR é un menor de 15 anos. Está matriculado nun IES da cidade. Vive coa súa familia, os seus pais máis un irmán de 11 anos que cursa estudos nun CEIP da zona. O seu pai traballa moitas horas e para pouco na casa. A súa nai traballa polas mañás. Polas tardes está na casa.
- Esta demanda chega aos servizos sociais do Concello dende o IES no que estuda o menor. A orientadora demanda apoio con este rapaz. Dende o IES estableceron un plan de traballo aínda que xa está esgotado, ademáis o neno deixou de asistir a clase despois das vacacións de Nadal.
- Na folla de derivación apuntaban desmotivación polos estudos, inicio no consumo de tóxicos, problemas de conducta e unha resposta da nai ás chamadas do IES aínda que sen resultados favorables.



PROCEDENCIA DAS DERIVACIÓN



PROTOCOLO DA INTERVENCIÓN

- Chega a derivación ao Concello, aos Servizos Sociais.
- Comprobamos se ten expediente no noso servizo. Mandamos á UTS de referencia.
- O seguinte paso é presentar o expediente na Mesa de Coordinación correspondente.
- Dependendo da valoración feita na mesa, asígnase profesional de referencia, no noso caso valoraríamos a intervención dun educador.
- A TS de referencia presentaría á familia ao educador e comenzaría o proceso.
- Estableceríase coordinación co profesional derivante e coa TS, fundamentalmente.
- Temos establecido que un expediente de máis de 18 meses ten que ser revisado.



EQUIPO MULTIDISCIPLINAR

O equipo de 14 persoas que configura o Programa está formado polos seguintes profesionais:

Dúas Psicólogas: Desenvolven as funcións específicas da súa profesión intervindo cos menores e coas súas familias.

Oito Educadores: Desenvolven a intervención social, familiar seguindo os obxectivos que en cada caso determina a avaliación previa.

Dúas Traballadoras sociais; Desenvolven as funcións específicas da súa profesión no campo da atención á familia e a infancia.

Unha Auxiliar Administrativa: Con tarefas específicas de carácter administrativo, seguindo as directrices marcadas pola dirección do Dispositivo.

Unha Coordinadora: Designada pola empresa adxudicataria con funcións de organización e coordinación a nivel interno e externo.



Estes profesionais agrúpanse en tres unidades especializadas de intervención:

Unidade de educación social

Unidade de traballo social

Unidade de psicoloxía social


Dividimos a cidade en dúas zonas, norte e sur, ás que se asignan as UTS. O equipo tamén dividiuse en dous para atender a cada unha destas zonas.

Zona Norte: As UTS de Travesía, Teis, Rivera Atienza, Lavadores, Calvario, Cabral-Candeán, O Castro e Areal cunha TS, unha psicóloga e catro educadoras.,

Zona Sur: As UTS de Casco Vello, Centro, Independencia, Castrelos, Litoral, Coia , Industria, Balaídos-Comesaña e Sur e co mesmo persoal que a antedita.



MOTIVOS DERIVACIONES EDUCACIÓN SECUNDARIA




TRABALLO COS MENORES E AS SÚAS FAMILIAS

- Elaboración dun plan de traballo dos casos que contemple unha atención integral dos menores e das súas familias.
- b) Estimular e reforzar as capacidades e potencialidades do menor ou das familias, segundo o caso, co obxectivo de iniciar un proceso de mellora individual e familiar.
- c) Involucrar de xeito progresivo as, nais, pais e familiares que teñan que ver co desenvolvemento do menor de forma que cada quen asuma as súas funcións e responsabilidades.
- d) Potenciar a integración dos menores e das familias no seu entorno utilizando os recursos existentes.
- Intervención con adolescentes para traballar e mellorar as súas competencias sociais.



DATOS XERAIS DE INTERVENCIÓN

- No ano 2007 traballouse con 338 familias, cun total de 1182 persoas atendidas.
- No ano 2008 traballouse con 421 familias e foron atendidas 1746 persoas.
- Durante o ano 2009 foron atendidas 414 familias, traballándose cun total de 1478.
- No pasado ano 2010, atendéronse 383 familias e 1432 persoas.



MOITAS GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

